

30 setembro ás 20:30 h. "Cronicaragua"

Áncora producións

Crónica performativa dunha viaxe solidaria.

Viaxe polo país da auga asediado por unha fame silenciosa.

Tomando como fio condutor a crónica dunha viaxe, se irán encadeando diversas accións que amosarán os contrastes de Nicaragua, facendo participar aos espectadores.

Duración: 60 min
Entrada gratuíta

3 outubro ás 20:30 h. "Camiño do sol"

Ouriol

Espectáculo poético - musical con poemas de X.M. Álvarez Blázquez

Elenco: Eva Veiga, Fito Ares e Bernardo Martínez
Duración: 60 min
Entrada gratuíta

17 outubro ás 20:30 h. "Unha primavera para Aldara"

Teatro do Atlántico

As monxas residentes no mosteiro de Santa María están a pasar por un momento difícil no que atinxe á súa subsistencia; os medios económicos non alcanzan e os arrendatarios das súas terras hai tempo que non lles fan pago das rendas.

No exterior é tempo de revoltas; e contra dos abusos dos nobres feudais, que fixeron dos tributos e dos dereitos señoriais un agravio permanente en contra dos labregos con frecuentes violacións de señores e soldados sobre as persoas e as propiedades, estase a producir un crecente movemento de rebeldía: estoupa a Revolta Irmandiña.

Un criado chega ao convento, solicitando acollida para o seu señor, cabaleiro irmandiño ferido gravemente na batalla e necesitado de refuxio e de cuidados para sandar...

As monxas, logo de intensos debates, xa que as regras non permiten presenza masculina no convento, deciden poñer por diante --- e acoller ao forasteiro ata que se vexa curado das súas feridas.

Autor: Teresa Moure
Dirección: Xulio Lago
Elenco: María Bouzas, Pilar Pereira, María Barcala, Belén Constela, Marcos Correa, Loli Lage, Lucía Regueiro e Xoan C. Mejuto.
Duración: 60 min
Público: Adulto
Prezos:
Xeral: 3,50 €
Reducida: carné xove, estudantes, maiores de 65 anos: 1,75 €

presentación

Diciamos hai un tempo que Culleredo cumpriu a súa maioría de idade de programación teatral estable. Son máis de 19 anos de ilusións, de esforzos e de constancia para acadar unha oferta teatral que non fose esporádica, senón situada nun ámbito de estabilidade. E aínda que, nos albores, houbo momentos de desánimo -porque consolidar un público que asista regularmente ás representacións non foi doado-, ese labor fructificou e hoxe os veciños e veciñas de Culleredo, e de toda a comarca coruñesa, que se achegan ao noso teatro confirman que Culleredo, con preto de 20 representacións anuais, nas tempadas de Primavera e Outono, é un referente neste ámbito artístico.

Polo que respecta aos presentes Encontros Culturais de Outono, dedicados, dende hai algún tempo, á memoria de Roberto Vidal Bolaño, a nosa sala acollerá as mellores producións teatrais que neste momento circulan por Galicia (obras, directores, actrices, actores...), en número de dazaseis representacións

Queremos destacar a especial dedicación que aos máis cativos teremos nestes Encontros do Outono. Porque, ademais das representacións de carácter infantil que se desenvolverán no Edificio de Servizos Múltiples, no mes de decembro, Culleredo será un dos municipios que acollerá varias representacións do IV Encontro Internacional de Títeres "Galicreques", patrocinado polo Consorcio das Mariñas e a Deputación da Coruña, e que se desenvolverá en colexios e centros culturais do municipio.

E tamén é de salientar a consolidación da escola de teatro, a cargo de Casa-Hamlet, patrocinada polo Concello de Culleredo que continuará desenvolvendo as súas actividades formativas neste novo curso, formando ao alumnado matriculado cun programa docente completo.

Agardamos que a programación ofertada sexa do agrado do público, dese público fiel que constantemente nos acompaña. Porque, sen el, o espectáculo non podería comezar.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

A CONCELLERÍA DE CULTURADO CONCELLO DE CULLEREDO LÉMBRALLES QUE:

Unha vez comenzada a representación, dependendo do tipo de espectáculo pode ser restrinxido o acceso á sala, polo que se prega a máxima puntualidade. Non se permite o consumo de alimentos e bebidas durante a representación. Rógase desconecten alarmas e teléfonos móbiles antes de entrar na sala. Cada obra está recomendada para unhas idades preferentes seguindo as indicacións das compañías teatrais, polo que só se permitirá a entrada a menores das idades recomendadas acompañados de adultos sendo responsabilidade dos mesmos o comportamento dos menores na sala e os posibles contidos inapropiados, para as súas idades, da representación, declinando, neste tema, toda responsabilidade a Concellería de Cultura.

GRACIAS POLA SÚA COLABORACIÓN

Salón de Actos do Edif. de Serv. Múltiples do Burgo

SALA CON CALEFACCIÓN



teatro

no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo

30 setembro
"Cronicaragua"
Áncora producións

3 outubro
"Camiño do sol"
Ouriol

17 outubro
"Unha primavera para Aldara"
Teatro do Atlántico

24 outubro
"Extrarradios"
Teatro do Noroeste

31 outubro
"O merlo branco"
Talía teatro

7 novembro
"Non é tan fácil"
Malasombra

21 novembro
"Perón"
A internacional

28 novembro
"A preguiza"
Teatro do andamio

5 decembro
"O espirro de gaia"
Falcatrúa

12 decembro
"O mago de Oz"
Os quinquilláns

19 decembro
"Do, re, mi Mozart"
Cachirulo Títeres

7 outubro
ás 11:00
Colexio Isaac Díaz Pardo

8 outubro
ás 11:00
Colexio Público de Tarrío

9 outubro
ás 11:00
Colexio Sofía Casanova de Vilaboa

10 outubro
ás 11:00
Colexio Público Ría do Burgo

10 outubro
ás 18:30
Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo

2008